



Concello do Porriño

BASES PORRIGALIA 2018

O PORRIÑO

BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE PREMIOS A COMPARSAS E ASOCIACIONES CULTURAES E VECIÑAS DO PORRIÑO POR PARTICIPACIÓN NA CELEBRACIÓN DA FESTA PORRIGALIA 2018.

As presentes bases que rexirán a convocatoria do concurso de comparsas e coplas estarán suxeitas á Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, RD. 887/2006, de 21 de xullo polo que se aprobar o regulamento da devandita lei e demais normativa de aplicación.

BASES

1.—Requisitos xerais.

1.1.- Neste desfile poderán inscribirse todas aquelas comparsas e asociacións culturais e veciñais do Porriño e outros concellos. As agrupacións estarán integradas por un mínimo de 15 compoñentes e optarán a un único premio por participación, establecido en 3000 €.

Modalidade: establécese unha única modalidade, independentemente da idade dos membros participantes.

1.2.- A solicitude de inscrición farase por sede electrónica na páxina do Concello do Porriño, esta pode descargarse na nosa páxina: <http://porrigalia.gal/>.

Toda a documentación requirida, xunto coa solicitude de inscrición deberá presentarse por sede electrónica en base a Lei 39 de procedemento administrativo do **3 ao 13 de xullo**.

O prazo de inscrición rematará unha vez alcanzado o límite do orzamento destinado á organización da festa Porrigalia.

1.3.- Documentación necesaria e de carácter obrigatorio **para novas agrupacións:**

1.3.1.- Fotocopia do CIF da asociación.

1.3.2.- Declaración responsable de cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, asinada polo presidente da asociación.

1.3.3.- Certificado orixinal da conta bancaria da asociación.

1.4- Presentaranse un mínimo de tres comparsas para levar a cabo dita competición; en caso contrario o concurso declararase deserto por non existir suficiente concorrencia competitiva.

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579

Eva García de la Torre (1 para 1)
Alcaldes do Porriño
Data de Sinatura: 03/07/2018
HASH: 9988380ce5d5156aa610156c73d4c250



Concello do Porriño



Cod. Validación: ASAC63H694MOP3CMZY2J3LST | Corrección: http://porriño.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona espPublico | Páxina 1 a 3



Concello do Porriño

2.—Obrigas para as comparsas e asociacións.

As comparsas que aspiren ao premio de participación teñen a obriga de estar inscritas e participar, como mínimo, no desfile do sábado 21 de xullo ás 12:00 h. dende a praza de San Sebastián ata a praza do Arquitecto Antonio Palacios. Así mesmo terán a obriga de participar nos xogos olímpicos dos días 21 e 22 de xullo nos horarios establecidos.

3.—Desenvolvemento do desfile

3.1.- Porrigalia

Aquela/s comparsa/s ou asociación/s que non estea/n no punto de partida á hora establecida pasarán ao derradeiro posto do desfile, para así evitar retrasos no horario previsto.

3.2.- Civilizacións

Celtas, castrexos, exipcios, galos, gregos, romanos e vikingos serán os pobos participantes en Porrigalia. Cada agrupación se identificará cun distintivo do pobo ao que representa, que deberá ser visible nos desfiles e xogos.

Un mínimo de 6 integrantes de cada grupo deberán participar nos xogos.

É obrigatoria a vestimenta axeitada á tribu á que representan.

3.3.- Orde das comparsas: cada agrupación terá un distintivo co seu nome, número de orde e número de compoñentes.

3.4.- Queda prohibido o uso de vehículos, excepto cuádrigas ou carros da época.

3.5.- Queda prohibido o uso de animais.

Quedarán descalificadas aquelas comparsas que non cumpran estas normas.

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579



Cod. Validación: ASAQ63H694MOP3CMCZY2J31.ST | Corrección: <http://goorino.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3



Concello do Porriño

4. – Xogos olímpicos

4.1.- Terán lugar o sábado 21 ás 18:00 h. e o domingo día 22 ás 18:00 h.

4.3- Prego de explicacións de cada xogo.

Xunto coa confirmación de inscrición facilitarase a cada comparsa ou asociación o prego de explicacións referentes a cada xogo, posta en práctica e regras a cumprir.

5.—Comité de observación.

5.1- Este comité de observación será nomeado mediante resolución da alcaldesa e terá competencias para a valoración das inscricións realizadas polas asociación e comparsas, a presentación da documentación esixida, o desenvolvemento do desfile, as descalificacións e a asignación do premio. O fallo emitido por este Comité adoptará a forma de proposta , resolvéndose mediante resolución da alcaldesa.

5.2- O comité de observación terá postestade de decidir se o premio queda deserto, debendo motivar a súa decisión mediante a emisión dun informe – proposta para a definitiva resolución da alcaldía.

6.—Premios.

6.1- Establécese un único premio de 3000 €.

6.2.- O importe do premio farase con cargo á aplicación orzamentaria 334.4800010.

6.3.- O feito de participar supón a plena aceptación das presentes bases. O incumprimento de calquera das presentes cláusulas dará lugar á perda do dereito de cobro do premio.

7.—Estas bases serán publicadas en medios de comunicación para xeral coñecemento, Periódicos de máxima divulgación na provincia, taboleiro de anuncios municipal, web do concello e noutros medios de difusión que a Concellería de Festexos dispoña.

Porriño, 2 de xullo de 2018.

Así o manda e asina dixitalmente no Porriño, na data indicada na marxe.

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579



Cod. Validación: ASAQ63+H694MQP3CMCZ72J3LST | Corrección: <http://porriño.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona est-ubico | Páxina 3 a 3